



## CONCELLO DE NARÓN

---

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE “3” QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE MANTEMENTO, LIMPEZA E CONSERXERÍA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DA GÁNDARA.

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, réunese a Mesa de Contratación formada por:

Presidente: D. José M. Blanco Suárez

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral da Corporación

Dna. María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral

D. Román Romero Franco concelleiro delegado para asuntos de deportes

Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

As once horas e dez minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil dezasete, a presidencia procede á apertura da sesión.

Prócedese, en acto público, de conformidade co establecido na cláusula 2.2.7.3 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, á apertura dos sobres “3”, ofertas económicas,

Sendo as 11:10 horas da data indicada anteriormente iniciase, en acto público, á apertura dos sobres “3” que conteñen a oferta económica presentada polas empresas participantes no procedemento. Previamente, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, dándose a coñecer o informe técnico de valoración do sobre “2” de Referencias Técnicas e a puntuación outorgada que se reflicte no seguinte cadro:



## CONCELLO DE NARÓN

Entidade	Proxecto de execución	Maquinaria e recursos humans	Puntuación total
FCC Aqualia	20	13	33
Arasti Barca M.A. SL	16	12	28
Sedega S.L.	12	12	24
Valoriza Facilites SAU	18	15	33

Unha vez posta en coñecemento dos licitadores a puntuación obtida na valoración das Referencias técnicas, procédese á apertura dos sobres "3", relativos ás Ofertas Económicas:

Empresa FCC Aqualia, S.A., propón un prezo: 14,07 euros/hora, IVE non incluído.

Empresa Arasti Barca MA S.L., propón un prezo: 13,99 euros/hora IVE non incluído.

Empresa Sedega S.L., propón un prezo: 14,00 euros/hora IVE non incluído.

Empresa Valoriza Facilities S.A.U., propón un prezo de 14,82 euros/hora IVE non incluído

Rematada a lectura das ofertas económicas, a Presidencia convida aos representantes dos licitadores asistentes ao acto a que manifesten as dúbidas que se lle ofrezan ou aclaracións pertinentes.

Unha vez abandonada a sala polo público asistente, continúa a reunión para comprobar a existencia de baixas desproporcionadas ou anormais e puntuar as ofertas económicas, se como é o caso, non existen baixas temerarias. Aplicada a correspondente fórmula matemática "65 x (% Da baixa a valorar) / (% da oferta máis baixa)", resultaron as seguintes puntuacións

FCC Aqualia: 59,13 ptos

Arasti Barca MA S.L.: 65 ptos

Sedega S.L.: 64,24 ptos

Valoriza Facilities SAU.: 4,35 ptos

Puntuación que sumada a obtida polas referencias técnicas, resultan uns totais de:



## CONCELLO DE NARÓN

Entidade	Rfcias. Técnicas	Oferta económica	Puntuación total
FCC Aqualia	33	59,13	92,13
Arasti Barca M.A. SL	28	65	93,00
Sedega S.L.	24	64,24	88,24
Valoriza Facilites SAU	33	4,35	37,35

Por todo o exposto, a Mesa de Contratación, propón ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de mantemento, limpeza e conserxería do complexo polideportivo da Gándara, a oferta economicamente máis vantaxosa, segundo a puntuación obtida unha vez valorados todos os criterios de adxudicación contemplados no PCAP, á mercantil Arasti Barca M.A. SL.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 11:30 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente e demais membros da Mesa.



**CONCELLO DE NARÓN**

---